

# A ESMORGA

O alumnado de 3º e 4º de ESO tivemos a oportunidade de ver a película "A Esmorga" nos cines de As Termas antes das vacacións de Nadal. Aquí queda a análise comparativa que Rocío de 3º de ESO fixo entre o libro e a película:

*"A película é case idéntica ao libro. Comeza da mesma forma, o Castizo está diante do xuíz e conta como se atopou co Milhomes e o Bocas e como chovía non foi traballar. Foron os tres xuntos de copas. A diferenza máis notable é que o xuíz non interrompe ao acusado. Pero a historia transcorre como no libro*

*de Blanco Amor, acaban emoborrachándose,*

*queimando un pazo, roubando e facendo loucuras . No libro dicía que que tiñan menos idade; os personaxes na película están ben interpretados.*

*A época na que transcorre a historia ten unha relación coa actualidade, uns rapaces que saíron de festa acaban meténdose en problemas como pode pasar hoxe en día. O Castizo, non querendo ir de troula, acaba guiándose polos demais e meténdose en problemas".*

